



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA

Rúa Curros, s/nº 15121

A Ponte do Porto - Camariñas (A Coruña)

Tfno.: 881880294 Fax: 881880302

E-mail: ies.pedra.aguia@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.es/centros/iespedraaguia/>

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

CURSO 2022-2023

1.- INTRODUCCIÓN	2
1.1.- A orientación como actividade educativa	2
1.2.- Xustificación do Plan de Orientación	4
2.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO	5
2.1- Contextualización do centro	5
2.2.- O departamento de orientación	6
2.3.- Análise de necesidades	10
3.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NA NORMATIVA	14
4.- OBXECTIVOS DO PLAN	16
5.- PLANIFICACIÓN XERAL E ACCIÓNS PRIORITARIAS	19
5.1- Apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe	19
5.2- Apoio á orientación académico-profesional	20
5.3- Apoio ao plan de acción titorial	21
5.4- Temporalización-secuenciación das actividades de titoría	21
5.5- Actividades complementarias e extraescolares do Departamento	25
6.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN	28
7.- METODOLOXÍA.....	30
8.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN	31
ANEXO- PLAN DE APOIO: PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	33

1.- INTRODUCCIÓN

1.1.- A orientación como actividade educativa

A Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE) establecía que a actividade educativa se desenvolvese atendendo entre outros principios, ao **de atención psicopedagóxica e orientación educativa e profesional (Art.2)**. Isto supoñía integrar na actividade educativa máis tradicional dúas funcións; por un lado a atención especializada e individualizada -que non exclúinte- das dificultades de aprendizaxe, o por outro, a orientación para o desenvolvemento persoal, académico e profesional como parte do proceso educativo. Así mesmo, **a titoría e a orientación formaban parte da función docente (Art. 60)**, co cal todo profesor polo feito de selo, ía estar implicado na acción titorial.

A Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro, de Calidade da Educación (LOCE), no seu artigo 2 recollía explicitamente como dereitos básicos dos alumnos, o **dereito a unha formación integral que contribúise ao pleno desenvolvemento da personalidade e o dereito a recibir orientación educativa e profesional**.

A Lei orgánica 3/2020 (LOMLOE), do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, atendendo a anteriores referentes legais e novos postulados, establece un marco no que se van desenvolver todas as accións educativas, (incluída, por suposto, a orientadora), o logro da:

- Educación de calidade para todo o alumnado.
- Equidade na educación que garanta a igualdade de oportunidades.
- Esfuerzo compartido por todas as persoas que compoñen a comunidade educativa.

Os **ámbitos de actuación** da mencionada orientación educativa e profesional serán tres:

- O apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe.
- A acción titora.
- E a orientación académica e profesional.

Os axentes destinatarios de dita actuación serán: o alumnado, o profesorado, as familias dos alumnos/as e, a comunidade educativa en xeral.

Todos estes argumentos implican que a orientación é un dereito e un principio neste

sistema educativo, así como unha función inherente á actividade educativa diaria.

A orientación fai posible unha educación no sentido máis enriquecedor do termo, é dicir, unha educación que vaia máis aló da mera instrución e transmisión de coñecementos, unha educación que se dirixa á persoa enteira e unha educación que atenda á persoa concreta.

Neste senso configúrase como a peza clave que aglutina o instrutivo e o educativo contribuindo ó logro da formación integral do alumno mediante unha intervención preventiva, planificada, sistémica, curricular e cooperativa, coa implicación de todos os axentes educativos e sociais.

No desenvolvemento deste proceso de orientación atenderemos a **seis principios fundamentais**:

1. **Principio de Prevención:** a orientación será esencialmente proactiva, anticiparase (no posible) á aparición de circunstancias ou situacións que poidan obstaculizar o desenvolvemento dunha personalidade sa e integrada, capaz de expresar as súas máximas potencialidades. A énfaseponse no grupo ou comunidade, intervindo na alteración dos contextos ambientais ou dotando aos individuos das axeitadas competencias vitais para que poidan afrontar con éxito as situacións de crise.
2. **Principio de Desenvolvemento:** a orientación é un proceso continuo dirixido ao desenvolvemento integral das persoas.
3. **Principio de Intervención Social:** a acción orientadora realizarase en e sobre un contexto dado para posibilitar á persoa orientada o coñecemento das variables contextuais e as posibilidades de transformación destas.
4. **Principio de Sistematización:** orientación centrada nas necesidades e problemas da institución escolar.
5. **Principio de Curricularidade:** a orientación educativa integrada no currículo formando parte das distintas áreas que conforman o currículo así como a súa especificación nos diferentes documentos do centro.
6. **Principio de Cooperación:** necesidade de coordinación e cooperación dos diversos axentes que interveñen no proceso educativo (pais/nais, profesorado, alumnado, axentes externos....)

1.2.- Xustificación do Plan de Orientación

Entendemos o Plan de Orientación como o documento de traballo que recolle as actuacións do noso departamento para un curso académico, concretando e apoiando o Plan de Acción Titorial (PAT), o Plan de Orientación Académico-Profesional (POAP) e as medidas de atención á diversidade incluídas no Plan Xeral de Atención á Diversidade e recollidas no PEC.

Configúrase como un documento aberto, vivo e en constante confluencia coa práctica e coa investigación educativa. Ao longo deste Plan hai unha preocupación por favorecer unha mellor conexión entre a teoría e a práctica, considerando que a primeira, informa á práctica e desde esta constrúese a teoría. Este factor é esencial para garantir, ou polo menos posibilitar, a mellora da calidade educativa.

A finalidade do Plan é garantir o exercicio do dereito á orientación de todos os alumnos/as e a súa continuidade e coherencia ao longo da Etapa de Educación Infantil, Primaria e Secundaria, e proseguir nas ensinanzas postobligatorias.

O marco de referencia do plan de orientación do centro defínese a partir das instrucións ditadas pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa dirixidas a unificar as actuacións dos diferentes plans de orientación, establecendo un marco común para a súa planificación, desenvolvemento e avaliación, así como aqueles ámbitos de actuación prioritarios; sen prexuízo do establecido no proxecto educativo de cada centro, o que posibilitará a necesaria adaptación das actuacións aos diferentes contextos educativos.

2.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

2.1.- Contextualización do centro

O alumnado que se incorpora ao noso centro para proseguir os seus estudos de ensino obrigatorio na Etapa da ESO, provén na maioría, dos dous centros de Infantil e Primaria adscritos ao noso IES: CEIP O Areal (Camariñas) e CEIP Ponte do Porto.

Oferta Educativa.

No IES Plurilingüe Pedra da Aguiá, ofértanse para o curso 2022/23, as ensinanzas da etapa da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) e o total de 161 estudantes distribúense do seguinte xeito:

- 1º ESO: 2 grupos (50 alumnos/as)
- 2º ESO: 2 grupos (41 alumnos/as)
- 3º ESO: 2 grupos (44 alumnos/as)
- 4º ESO: 2 grupos (26 alumnos/as)

Nesta etapa ademais temos en funcionamento as seguintes medidas de atención á diversidade:

- Reforzos grupais para o alumnado exento de 2ª lingua estranxeira en 1º e 2º curso.
- Reforzos de materia dentro e fóra da aula.
- Apoios específicos individualizados de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

No presente curso solicitamos contar cun/a docente da especialidade de Pedagogía Terapéutica pertencente ao programa PROA+.

Así pois, para atender axeitadamente esta realidade educativa, o centro adopta aquelas medidas organizativas, pedagóxicas e curriculares que mellor respondan ás necesidades da comunidade educativa, atendendo fundamentalmente ao Decreto 229/11, do 7 de decembro, polo que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia, así como outras recollidas no Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid-19 entre as que salientamos:

Ordinarias:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo e cooperativo en grupos heteroxéneos.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Desdobramentos de grupos.
- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas (para alumnos con materias non superadas)
- Programas de recuperación (para alumnos que repitan curso)
- Programas específicos personalizados.
- Programa de habilidades sociais.

Extraordinarias:

- Adaptacións curriculares incluídas as adaptación de acceso de ser necesarias.
- Agrupamentos flexibles.
- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e en Audición e Linguaxe.
- Programa de Diversificación Curricular (3º ESO).

2.2.- O Departamento de Orientación (DO)**► Trazos que o caracterizan**

A orientación e a función titorial, reclaman necesariamente da axuda, colaboración, asesoramento e apoio técnico do Departamento de Orientación, do que forma parte o orientador, totalmente ligado á dinámica educativa do centro e que representa ao Departamento na Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP).

As características do departamento de orientación son:



- É un órgano de coordinación docente, xunto cos departamentos didácticos, a Comisión de Coordinación Pedagóxica, os titores..., que polas súas múltiples relacións co resto da comunidade educativa, representa un eixo na organización do centro.
- As súas accións estarán plenamente integradas no proceso educativo xeral e no marco curricular, o seu labor non será illado nin paralelo.
- É o espazo institucional desde onde se coordina, colabora e participa activamente na planificación e desenvolvemento da acción titora e orientadora, onde se articula unha oferta curricular adaptada e diversificada.
- É un marco colaborativo e buscará polo tanto ofrecer respostas educativas a titores, equipos docentes, departamentos, equipo directivo, alumnado e familias.
- É un elemento fundamental para promover os procesos innovadores no centro, contribuír a avaliación interna do mesmo e o seu plan de mellora en aras dunha maior calidade educativa.
- É unha ponte de unión do centro cos servizos do entorno: Servizos sanitarios, socioculturais, empresas públicas e privadas, outros centros da comarca, servizos de orientación laboral da Administración local, autonómica, etc.
- Configúrase como o servizo interno por excelencia, de orientación educativa e profesional, que deberá traballar á par e na mesma dirección e, solicitando asesoramento cando sexa necesario, cos Servizos externos de ámbito provincial (Equipo de Orientación Específico e Inspección Educativa), así como cos servizos centrais desde a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional e Servizo de Ordenación e Innovación Educativa e Servizo de Formación de Empresas e orientación laboral e as súas instrucións e directrices .

► **Funcións**

A Orde do 24 de xullo de 1998, establece no seu artigo 5º as funcións que desenvolverá o departamento de orientación e que son:

1. Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos e das alumnas e do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
2. Elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola Comisión de Coordinación

Pedagóxica, as propostas do plan de orientación académica e profesional, e do plan de acción tutorial dos centros, así como coordinar o profesorado e ofrecerlle soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.

3. Participar na elaboración dos proxectos educativo e curricular de centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagógico para a atención do alumnado con necesidades educativas especiais e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.
4. Diseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos/as.
5. Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
6. Facilitarlle ao alumnado o apoio e asesoramento necesarios para afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa e, cando corresponda a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a resolución de conflitos de relación interpersoal ou a transición á vida profesional .
7. Informar ao alumnado dos recursos laborais e profesionais ó seu alcance a propoñer a realización de actividades de orientación que lle faciliten a toma de decisión sobre o seu futuro .
8. Cooperar cos membros dos equipos específicos no deseño, desenvolvemento e avaliación dos programas de orientación.
9. Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámicas de grupos e en calquera outros.
10. Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos, especialmente no relativo á motivación, á construción do autoconcepto e da autoestima e no proceso de toma de decisións.
11. Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos e institucións no ámbito das súas competencias.

Ditas funcións están dentro da organización xeral do centro e do proxecto educativo para darlle a operatividade e funcionalidade propiamente educativas.

► **Composición do departamento de orientación**

O departamento de orientación queda formado polas/os seguintes docentes:

- Xefe do departamento de orientación:

José Rodríguez Martínez

M^a Benedicta Mouzo Romero (Directora e Orientadora)

- Profesorado de apoio:

M^a Belén Miñones Bermúdez (PT)

Tania Villamor Vázquez (AL) -compartida co CPI de Laxe e o IES de Vimianzo-

- Titoras:

Carme Fernández García (ámbito lingüístico)

Emma Villar Pérez (ámbito científico)

► **Modelo de intervención**

Predomina a intervención indirecta -modelo de consulta-, e a intervención grupal, interna, preventiva e de desenvolvemento a través do Modelo de Programas. Con todo, cando estas medidas aínda sendo satisfactorias non son suficientes non se descarta unha intervención directa de asesoramento e intervención individualizada.

► **Ámbito de intervención**

Movémonos nun Modelo Psicopedagóxico, entendendo que as nosas actuacións diríxense ó alumnado, ao profesorado e as súas estruturas organizativas, á familia e á comunidade educativa. De todos os xeitos a realidade social e económica demanda cada vez con máis forza a necesidade de que a educación vaia máis aló da escola, especialmente no marco da educación permanente.

Neste senso podemos dicir que camiñamos por sendas proclives a un Modelo Sociopsicopedagóxico, que engade ao anterior modelo o entorno sociocultural, sanitario, empresarial, de tempo libre..., tratando de coordinar os esforzos de todos os profesionais da comunidade nun proxecto común: o desenvolvemento académico, profesional e persoal das novas xeracións e dos distintos grupos sociais.

► **Ámbitos de actuación**

Das funcións do DO e da cualificación dos seus membros, despréndese tres grandes ámbitos de actuación que deben considerarse necesariamente vinculados entre si:

- **Atención á diversidade. Apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe.**
- **Orientación académico-profesional.**
- **Acción titorial.**

As accións nestes ámbitos dirixiranse ao profesorado, ao alumnado, ás familias e ás nosas actuacións.

De acordo con estes tres ámbitos, débese por un lado deseñar o Plan de Orientación Anual de actividades do departamento e por outro, redactar a memoria final de curso.

► **Coordinación**

A reunión do departamento de orientación realizarase semanalmente mediante convocatoria ordinaria.

Así mesmo, o Xefe do Departamento de Orientación, terá tamén 1 hora de coordinación, de reunión semanal cos titores/as de cada nivel (de 1º a 4º de ESO) con frecuencia quincenal, ademais das coordinacións que non teñen una hora fixa establecida, como coas especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe para facer un seguimento detallado das necesidades educativas do alumnado, medidas a poñer en marcha e deseño/elección de recursos materias.

2.3.- Análise de necesidades

A avaliación de necesidades como primeira fase da intervención orientadora permítenos analizar o contexto educativo, a fin de poder determinar posibles necesidades educativas, sentando as bases para o establecemento dos obxectivos e das liñas prioritarias de actuación.

Realizamos unha avaliación sistémica relacionada cos distintos ámbitos e axentes de intervención, sen perder de vista ós centros adscritos e a comunidade educativa: Lembremos que nos interesa facer unha proposta o máis significativa para todos.

Os instrumentos e recursos empregados serán; as reunións de colaboración, individuais e colectivas cos membros do equipo educativo, análise de documentos (Memoria Anual do curso anterior, expedientes, informes, etc.) a observación, rexistro das demandas

efectuadas polos profesores, familias e alumnos/as que se acheguen ao departamento, reunións...e a observación directa.

A nivel xeral as posibles necesidades neste curso (atendendo tamén a memoria do curso pasado) son:

► **Relativas ao alumnado**

- Atender e favorecer a integración do novo alumnado procedente dos centros de primaria, así como doutros centros tanto nacionais como estranxeiros, nomeadamente do alumnado ucraíno refuxiado do conflito militar.
- Atender ao alumnado con NEAE e poñer en marcha as medidas de intervención máis acordes ás súas necesidades.
- Facer fincapé en todos os grupos nos primeiros días de actividade lectiva, das normas básicas de aula e o respecto ás normas de funcionamento do centro.
- Necesidade de deseñar e coordinar programas e/ou actividades que potencien o uso da técnicas de traballo intelectual e a súa integración nas distintas materias.
- Necesidade de atender ás características e necesidade de desenvolvemento persoal e social intrínsecas ás distintas etapas evolutivas empregando como estratexia básica de intervención mediante os valores, os contidos transversais así como as habilidades sociais nas que estamos traballando para mellorar o programa que existía.
- Necesidade de orientar profesionalmente ao alumnado, tanto no relativo á elección de optativas, de estudos posteriores, e á inserción no mundo laboral.

► **Relativas ao profesorado**

- Establecer unha coordinación co equipo directivo para traballar e intervir cos diferentes sectores da comunidade educativa na mesma liña.
- Dinamización da acción tutorial, a través das reunións semanais cos titores dos diferentes niveis educativos.
- Facer un seguimento mais rigoroso das medidas de atención á diversidade postas en marcha, nomeadamente Adaptacións Curriculares, Reforzos Educativos, Plans de Recuperación e Personalizados, con informes individualizados trimestrais sobre



os progresos do alumnado e indicacións para a mellora.

- Insistir na concienciación e aplicación efectiva dos principios educativos de normalización, individualización e atención á diversidade tal e como propugna o sistema educativo.
- Afondar na formación específica de toda a comunidade educativa sobre o ensino e a aprendizaxe en contornas virtuais así como na elaboración das programacións didácticas a través da nova plataforma PROENS.
- Favorecer a coordinación dos profesores de área coas profesoras especialistas a hora de intervir cos alumnos con NEAE, sobre todo cos alumnos con ACS.
- Favorecer no profesorado un maior coñecemento do seu grupo de alumnos para que as intervencións e seguimentos sexan o máis individualizados posibles.
- Implicar ao maior número de profesores posible no desenvolvemento da actividade orientadora do centro para cos alumnos e atender aos seus problemas particulares.
- Necesidade de traballo en equipo do profesorado e dinamización das diferentes reunións facilitando a comunicación entre o equipo de profesores dun mesmo grupo.

► **Relativas ao propio Centro**

- Participar activamente na elaboración do Plan de Convivencia.
- Elevar á CCP propostas para mellorar a acción orientadora e a posta en marcha das MAD.
- Mellorar a coordinación de todo o profesorado do Centro para a aplicación das liñas de actuación a seguir para facer cumprir as normas de organización e funcionamento do IES e informar sobre o alumnado máis conflictivo e o xeito de proceder con el, de maneira unificada, coherente e estrita, sobre todo nas primeiras semanas de curso para evitar o mal ambiente e as faltas de respecto.
- Necesidade de fomentar e mellorar a coordinación familia-escola. Fomentar a súa implicación na dinámica do centro. Retomar as charlas presenciais ás familias do alumnado do Centro
- Participar activamente nas diferentes actividades, conmemoracións e efemérides que se desenvolvan no centro educativo.



► **Relativas aos centros adscritos**

- Intercambio de información e seguimento dos alumnos obxecto dalgunha medida de atención á diversidade específica.
- Seguimento e valoracións pertinentes durante o curso, do alumnado que presente posibles necesidades educativas especiais e sexa de próxima incorporación ao IES.
- Necesidade de orientación académica e profesional do alumnado e familia do último curso de Primaria.

► **Relativas ao contorno comunitario**

- Seguir traballando de forma coordinada con Servizos Sociais do concello, alén de colaborar cos mesmos noutras actividades do Centro.
- Necesidade de intercambio de información acerca dos alumnos/as que precisan, dadas as súas necesidades, de intervención interinstitucional.
- Estar en contacto con outras ofertas formativas do contorno e dalas a coñecer ao noso alumnado.

A todas estas necesidades hai que lle engadir o impacto da situación epidemiolóxica global provocada pola pandemia da Covid-19. O curso 2022/2023 preséntase como un escenario de incertezas, mediatizado pola evolución da pandemia, tanto no aspecto da propia saúde dos axentes educativos como nas posibilidades de interacción persoal, presencialidade da actividade formativa, organización de tempos, espazos e recursos, potenciación dos medios dixitais no proceso de ensino-aprendizaxe, etcétera.

As necesidades e obxectivos da intervención recollidas neste Plan de Orientación poderán variar segundo avance a situación sanitaria, polo que haberá que estar vixilante para introducir as modificacións precisas en cada momento, de xeito proactivo, seguindo o principio de prevención que antes comentamos e estando preparados/as para actuar o máis rapidamente posible na resposta ás necesidades que vaian aparecendo.

3.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NA NORMATIVA

O Plan de Orientación aséntase **fundamentalmente** na seguinte normativa legal:

- Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 22- 23.
- Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022-2023 nos centros docentes.
- Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE 2/2006.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.
- Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación.
- Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de



ensino non universitario con necesidades educativas especiais.

- Decreto 120/1998 do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo decreto anterior.
- Orde do 1 de agosto de 1997, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, polo que se aproba o regulamento orgánico dos IES.

4.- OBXECTIVOS DO PLAN

► Obxectivos prioritarios comúns aos tres ámbitos de actuación

- Formar no seo do DO un equipo de traballo eficaz e funcional.
- Facilitar ao titores/as e ao profesorado xeral, recursos, posibilidades e asesoramento permanente no ámbito da orientación, titoría e atención á diversidade.
- Manter un contacto periódico coas institucións da contorna.
- Enriquecer e apoiar a relación centro-familia en xeral, e titores-familia en particular.
- Coordinarse co Equipo de Orientación Específico (EOE) e a Inspección Educativa no marco das institucións e accións prioritarias para este curso como en situacións puntuais relacionadas coa avaliación, intervención nas Necesidades Educativas Especiais (NEE) que, superando as nosas posibilidades precisen asesoramento.

► Obxectivos prioritarios na atención á diversidade

- Colaborar co Equipo Directivo e co conxunto de profesorado na posta en funcionamento das medidas necesarias para asegurar a continuidade e coherencia do proceso educativo ó longo das etapas e en relación coas diferentes áreas e/ou materias.
- Establecer reunións co profesorado para deseñar e poñer en marcha Medidas de atención á Diversidade (MAD), en especial as Adaptacións Curriculares Significativas (ACS), colaborando no asesoramento, realización e dotación de material adaptado.
- Colaborar cos profesores/as na prevención e detección de problemas de aprendizaxe e na detección de posibles necesidade educativas específicas, e no seu caso, realizar a pertinente avaliación psicopedagóxica e posterior informe.
- Colaborar co equipo directivo na mellora da convivencia e do clima de aprendizaxe, potenciando a motivación e o valor do esforzo dando repercusión e continuidade ao grupo de mediación de conflitos.
- Normalizar a atención educativa ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), e asegurar unha resposta adaptada as súas características.
- Implicar ás familias de cara á consecución de hábitos de estudo no fogar, nas actividades de reforzo e recuperación no proceso avaliador.
- Asegurar a coherencia e continuación da actividade educativa mediante a coordinación

cos responsables de orientación nos centros adscritos.

- Participar na selección do alumnado que pode acudir aos programas de reforzo das competencias e ao programa PROA+ que se solicitan desde o Instituto.
- Manter contacto con aqueles axentes externos que atenden ao alumnado con NEAE (ex: gabinetes psicopedagóxicos).

► **Obxectivos prioritarios da orientación académica e profesional**

- Conseguir que se asuma a responsabilidade da orientación profesional e preparación para a vida activa, así como a de fomentar unha cooperación orgánica entre o mundo educativo e o mundo empresarial e institucional do traballo, no marco do Plan de Orientación Profesional.
- Lograr unha actuación educativa conforme o establecido no POAP contribuíndo o seu desenvolvemento e fixando as liñas prioritarias de actuación para cada curso, que se dirixan ao alumnado, ás familias e á relación co entorno sociolaboral.
- Posibilitar unha orientación e asesoramento individualizado para aqueles alumnos que poidan ter dificultades.
- Colaborar na elaboración do Consello Orientador sobre o futuro académico e profesional dos alumnos ao remate da ESO.
- Colaborar na determinación dos itinerarios na ESO
- Elaborar unha guía de orientación para o alumnado de 4º de ESO coa información académica e profesional máis relevantes.
- Iniciación na orientación on-line en cuestións moi puntuais.
- Organizar charlas ao principio de curso para as familias do noso alumnado que sirvan de acollida ao novo curso e nas que presentar os titores/as de cada grupo e informar do funcionamento do Centro.
- Dinamizar e manter actualizada a páxina web do DO con recursos de interese para toda a comunidade educativa e a aula virtual do IES para achegar informar e compartir documentos con todo o equipo docente e, nomeadamente, cos titores/as do presente ano académico.

► **Obxectivos prioritarios da acción tutorial**

- Establecer criterios e procedementos para a organización e funcionamento da acción



titorial, e concretar as liñas de actuación cos titores.

- Contribuír a unha acción titorial funcional, eficaz e planificada mediante un Plan de Acción Titorial (PAT) realista e coherente.
- Mellorar a coordinación, seguimento e participación de todos os implicados, no desenvolvemento das actividades titoriais.
- Normalizar a acción titorial, impulsando o seu desenvolvemento.
- Implicar a todo o profesorado nunha acción titorial compartida por todos, contribuíndo ao seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Proporcionar aos titores e profesores, técnicas e estratexias para facilitar a realización de actividades, a relación co alumnado, a coordinación docente e a intervención coas familias.
- Facilitar a labor titorial proporcionando recursos, técnicas, asesoramento, criterios de actuación, mais, sobre todo, reflexión, debate, intercambio de opinións e experiencias.

5.- PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS

No referente ás accións prioritarias teremos en conta as accións que no noso centro se estiman oportunas e relacionadas cos diferentes ámbitos de intervención. Así, as accións prioritarias por ámbitos serán, a nivel xeral:

5.1- Apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe. Atención á diversidade

- Promover accións e actuacións destinadas á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
- Revisión dos informes psicopedagóxicos, expedientes, e memorias para coñecer as necesidades do alumnado.
- Reunión inicial coas familias, para unha primeira toma de contacto e achegamento ao departamento de orientación.
- Asesoramento na elaboración, seguimento e avaliación de ACS.
- Reunións iniciais cos diferentes grupos de alumnado con necesidades para un establecemento de medidas de atención á diversidade de carácter provisional.
- Recollida de información do alumnado de nova incorporación.
- Realización das avaliacións psicopedagóxicas e posterior informe do alumnado que o precise.
- Coordinación cos centros adscritos.
- Coordinación coas institucións do entorno, co obxectivo de garantir a conexión e continuidade das colaboracións que se viñan dando en anos anteriores: Centro de Saúde, Servizos Sociais, Asociacións, Servizos de Orientación do ámbito laboral...
- Facilitar asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con NEAE.
- Coordinación co Equipo de Orientación Específico, na detección, prevención e compensación das necesidades educativas específicas.
- Realización da proposta do alumnado que precisa atención por parte das profesoras de Pedagogía Terapéutica, establecendo o número de sesións e o tipo de apoio.
- Realización de seguimento semanal da evolución académica dos alumnos, especialmente cos ACNEE. Na reunión de titores e coas profesoras de apoio.
- Dar información relevante para o proceso de aprendizaxe ao profesorado que atende



ao alumnado obxecto dalgunha medida específica de atención á diversidade e/ou que está a pasar por unha situación complexa, problemática e/ou complicada.

- Información e orientación a pais/nais de alumnos con NEAE sobre os recursos de apoio existentes na zona, asociacións, centros de apoio...
- Asistencia e participación nas sesións de avaliación.
- Seguimento, avaliación e revisión das medidas adoptadas, conforme ós criterios de avaliación establecidos.
- Valoración e selección do alumnado que se vai incorporar para o curso seguinte ao PDC, de ser o caso.
- Realizar o informe e consello orientador do alumnado que se quere incorporar a un Programa de Formación Profesional Básica, de ser o caso.

5.2- Apoio á Orientación Académica e Profesional

- Coordinación cos colexios de Primaria para facilitar unha orientación académica ao alumnado e pais de 6º de primaria de cara ao seu ingreso na ESO.
- Artellar e coordinar o programa de acollida (pendente dunha concreción e revisión para que sexa máis operativo) ao alumnado de novo ingreso.
- Informarase a todos os grupos de ESO do sistema de avaliación, promoción e titulación.
- Promover a comunicación coa oferta formativa da contorna para facilitar ao alumnado.
- Atención personalizada ao alumnado e ás familias.
 - 1º ESO: autocoñecemento e asesoramento sobre o sistema educativo e optatividade na ESO.
 - 2º ESO: autocoñecemento e asesoramento sobre o sistema educativo, itinerarios e optatividade na ESO.
 - 3º ESO: asesoramento sobre o sistema educativo e sobre todo nas dúas modalidades de 4º.
 - En 4º ESO as actividades organizaranse tendo en conta os seguintes bloques: opcións académicas e profesionais (ESA, ciclos formativos, bacharelato, universidade, probas de acceso a ciclos, busca de emprego e integración laboral...), autocoñecemento (intereses profesionais, historial académico, aptitudes, personalidade,) e toma de decisións.

Para levar a cabo estas actividades, o DO organizará charlas formativas, disporá os recursos na súa web e ademais o alumnado e as familias poderán consultar as súas dúbidas individuais ao Orientador, preferentemente nos recreos e nas horas de tutoría, aínda que tamén se concertarán citas noutros momentos de ser preciso.

5.3- Apoio ao PAT. Accións encamiñadas ao desenvolvemento do PAT

Recolleranse as propostas dos titores/as para dita revisión e desenvolvemento do PAT, promovendo a súa análise, reflexión e a súa articulación na práctica. Aprobarase (a nivel de departamento) cando se aprobe o Plan de Orientación.

Establecerase unha colaboración o máis fluída cos equipos docentes posible para o deseño e elaboración de protocolos para a realización da avaliación inicial do alumnado.

Para o desenvolvemento do PAT o departamento de orientación facilitará ás titoras/es o asesoramento e o soporte técnico necesarios para a realización das actividades propostas e a consecución dos obxectivos sinalados.

Traballarase na educación en valores, a tolerancia e a mellora da convivencia, habilidades sociais, hábitos de estudo e as técnicas de traballo intelectual, a orientación académico-profesional, cun maior peso no 4º curso da ESO, posto que ao remate os alumnos/as deberán tomar unha decisión respecto ao seu futuro académico e profesional, recibindo o pertinente Consello Orientador.

As actividades quedarán recollidas no Plan de Acción Titorial elaborado por este departamento.

5.4- Temporalización e secuenciación de actividades de tutoría

1º ESO
1º Trimestre:
Acollida. Información sobre a etapa na que ingresan.
Presentación da titor/a.
As instalacións do Instituto: coñecemos o instituto.
Elección de Delegado/a.
Cuestionario de datos persoais.
Dereitos e deberes. Normas de Convivencia.

Programa de técnicas de estudo: Cuestionario de hábitos de estudo. Planificación e organización do estudo. Coidado do caderno. Uso da axenda escolar.
Obradoiro de Igualdade.
Conmemoración de diferentes efemérides: Samaín, Día internacional contra a violencia de xénero, Día mundial da Sida, etc...
Sesión de preavaliación.
2º Trimestre:
Sesión de postavaliación: reflexión e compromisos.
Continuación do programa de técnicas e hábitos de estudo. Técnicas e estratexias específicas: como estudar un tema. Síntese e ideas principais.
Obradoiro de Habilidades Sociais.
Conmemoracións e efemérides: Día da Paz.
Sesión de preavaliación.
3º Trimestre:
Sesión de postavaliación.
Conmemoracións e efemérides: Día das Letras galegas, Día da Muller traballadora.
Charla da asociación Arelas.
POAP: autocoñecemento e opcións académicas. 2º de ESO.
Valoración da titoría.
Pre e postavaliación.

2º ESO

1º Trimestre:
Acollida. Información sobre o curso actual e materias novas.
Presentación da titor/a.
Cuestionario de datos persoais.
Elección de Delegado/a.
Dereitos e deberes. Normas de Convivencia.
Programa de técnicas de estudo: organización e planificación do estudo. Técnicas básicas de estudo. Seguimos coa axenda.
Obradoiro de Igualdade.
Conmemoracións e efemérides. Samaín, Día internacional contra a violencia de xénero,

Día mundial da Sida, etc...
Sesión de preavaliación: reflexión e debate.
2º Trimestre:
Sesión de postavaliación: reflexión e compromisos.
Continuación do programa de técnicas e hábitos de estudo. Recuperación de pendentes.
Obradoiro de prevención do uso abusivo das Novas Tecnoloxías.
Conmemoracións e efemérides.
Sesión de preavaliación.
3º Trimestre:
Sesión de postavaliación: reflexión e compromisos.
Charla da asociación Arelas.
POAP: autoconñecemento e materias 3º de ESO. Oferta académica.
Avaliación titoría
Pre e postavaliación: conclusións finais.

3º ESO
1º Trimestre:
Acollida. Información sobre o curso.
Presentación da titor/a.
Cuestionario de datos persoais.
Elección de Delegado/a.
Dereitos e deberes: Normas de Convivencia.
Hábitos e técnicas de estudo: organización e planificación do estudo. Test de Técnicas de Estudo. Repaso das técnicas básicas. Programa de materias pendentes.
Obradoiro de Igualdade.
Conmemoracións e efemérides.
Sesión de preavaliación: reflexión e debate.
2º Trimestre:
Sesión de postavaliación: reflexión e compromisos.
Continuación do programa de técnicas e hábitos de estudo.
Obradoiro de educación afectivo-sexual.
Conmemoracións e efemérides.

Sesión de preavaliación.
3º Trimestre:
Sesión de postavaliación: reflexión e compromisos.
Charla da asociación Arelas.
POAP: orientación académica e profesional.
Avaliación da titoría.
Pre e postavaliación: conclusións finais.

4º ESO

1º Trimestre:
Acollida. Información sobre o curso.
Presentación da titor/a.
Cuestionario de datos persoais.
Elección de Delegado/a.
Dereitos e deberes: Normas de Convivencia.
Programa de técnicas de estudo. Organización e planificación do estudo. Recuperación de pendentos.
Obradoiro de Igualdade.
Conmemoracións e efemérides.
Sesión de preavaliación: reflexión e debate.
2º Trimestre:
Sesión de postavaliación: reflexión e compromisos.
POAP: orientación académica e profesional. Actividade: visita a un centro formativo do contorno.
Obradoiro de prevención de drogas.
Conmemoracións e efemérides.
Sesión de preavaliación.
3º Trimestre:
Sesión de postavaliación: reflexión e compromisos.
Charla da asociación Arelas.
POAP: orientación académica e profesional. Toma de decisións vocacional.

Consello orientador.
Avaliación da titoría.
Pre e postavaliación: conclusións finais.

5.5- Actividades Extraescolares e Complementarias do DO

A proposta de actividades extraescolares e complementarias, polas características propias do departamento, ten un carácter provisional e moi dependente das necesidades do alumnado, oferta de actividades dentro dos diferentes ámbitos, e moi suxeita a outras variables difíciles de contemplar a priori. Ao principio do presente curso, a nosa proposta é a seguinte:

Obradoiro de Igualdade

Data aproximada: no 1º Trimestre do curso (novembro)

Impartido por: organización NosIgaldade

Obxectivos: Informar e sensibilizar a todo o alumnado sobre a temática da coeducación e a prevención da violencia de xénero.

Destinatarias/os: todo o estudantado dos catro cursos da ESO.

Obradoiros do Plan Director

Data aproximada: no 1º Trimestre do curso.

Impartido por: Garda Civil.

Obxectivos: Informar e sensibilizar ao alumnado sobre os seguintes temas:

1º ESO: prevención do uso abusivo das Novas Tecnoloxías. Ciberseguridade.

2º ESO: violencia de xénero.

3º ESO: acoso escolar.

4º ESO: prevención de condutas adictivas.

Charlas do Programa Katorce18

Data aproximada: no 2º Trimestre do curso (marzo)

Impartido por: Asociación ARELA

Obxectivos: Reflexionar e sensibilizar ao alumnado sobre os seguintes temas:

-Con 2º e 4º de ESO: Prevención das condutas infractoras máis salientables na

adolescencia, facendo especial fincapé no acoso escolar, as redes sociais, as pelexas e lesións, as ameazas, o maltrato familiar, o consentimento nas relacións

-Con 1º e 4º de ESO sensibilización fronte ao acoso escolar e o mal trato que ás veces pode darse nas aulas.

Charla sobre a diversidade afectivo-sexual

Data aproximada: no 3º Trimestre do curso (abril).

Impartido por: Asociación Arelas.

Obxectivos: Achegar formación e facer visible a diversidade sexual e de xénero e a realidade trans infanto-xuvenil.

Destinatarias/os: todo o estudiantado dos catro cursos da ESO.

Charla sobre educación viaria

Data aproximada: no 3º Trimestre do curso (maio).

Impartido por: Asociación AESLEME.

Obxectivos: Sensibilizar sobre a sinistralidade viaria.

Destinatarias/os: 3º ESO.

Charlas orientación vocacional

Data aproximada: no 3º Trimestre do curso (maio).

Impartido por: Departamento de Orientación.

Obxectivos: Facilitar información ao alumnado sobre as diferentes opcións de estudos existentes e elaboración do proxecto de vida.

Destinatarias/os: 4º ESO.

Está prevista a visita a algunha empresa da contorno, a unha Feira de Emprego e a algún centro de Formación Profesional se a pandemia o permite ou, do contrario, farase unha presentación por videoconferencia ao alumnado de 4º ESO dos ciclos formativos de FP que se imparten no IES Fernando Blanco de Cee a cargo do profesorado de dito centro.

Participación na celebración de diferentes conmemoracións:

Día internacional contra a violencia de xénero.

Día mundial da Sida.

Día da Paz.



Día internacional da Muller traballadora.

Etc.

Colaboración nos programas de centro:

Ao igual que no curso pasado, desde o DO participaremos activamente cos distintos programas que anualmente solicita o IES, como as accións do Plan Proxecta Quérote+ que foi coordinado polo Orientador e no que participaron os titores de 3º ESO e profesora de Valores en colaboración coas técnicas dos centros Quérote+ da Xunta de Galicia. Na mesma liña, apoiaremos as accións que se implementan noutros programas como o DAFIS, PROA+ e nos Contratos-Programa Iguála-T, Emoción-T e Convive-T.

Actividades en coordinación cos centros adscritos:

- Visita ao IES do alumnado de 6º de Primaria. “Xornada de portas abertas” (Maio/Xuño)
- Reunión coas familias do estudantado de 6º de Primaria (Setembro)
- Reunión de profesores-titores, profesores de apoio e orientadores/as co orientador/a-xefe/a de estudos dos colexios de Primaria (finais de curso)



6.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

As estratexias de intervención por excelencia son, o modelo programas e o modelo de consulta, apoiándonos no modelo de asesoramento individualizado cando sexa necesario.

Estratexias de intervención comúns aos tres ámbitos de actuación:

- Reunións iniciais do DO, da CCP e dos titores para elaborar directrices, propostas e elaboración do plan consensuado.
- Valoracións, observación e entrevistas aos distintos sectores da comunidade educativa sobre a maneira de xestionar e intervir do DO.
- Revisión de novos materiais, revistas, normativa...
- Redacción e valoración dos distintos documentos do DO.
- Reunión semanal do DO.
- Reunión semanal cos titores e titoras.
- Reunión semanal co equipo directivo.
- Colaboración e coordinación cos servizos sociais do concello.
- Participación nas reunións colectivas e individuais coas familias.
- Intercambio de información e experiencias cos orientadores da zona.

Estratexias de intervención no apoio ao proceso de ensino e aprendizaxe:

- Participación nas CCPs.
- Avaliación inicial do alumnado.
- Avaliacións psicopedagóxicas pertinentes e posteriores informes.
- Realización dos informes psicopedagóxicos e colaboración no deseño e seguimento da proposta curricular e organizativa, no seu caso.
- Entrevistas iniciais e de intercambio da información (profesorado, familia e estudante)
- Orientacións, organización do apoio, no seu caso, e seguimento e avaliación das medidas educativas adoptadas.
- Colaboración do profesor/a de apoio e o orientador cos titoras/es e profesores de área.
- Difusión de materiais de distinto tipo para as actividades de apoio.



- Intervención do PT na aula ordinaria se fose preciso e na aula de apoio.
- Asesoramento ao profesorado de recursos e materiais adaptados.
- Xuntas de avaliación. Con voz, sen voto.

Estratexias de intervención na orientación académica profesional:

- Asesoramento xeneralizado: desenvolverase fundamentalmente a través das titorías, coa colaboración doutros profesionais, de ser o caso.
- Asesoramento individualizado: atención directa do DO ao alumnado que, aínda recibindo orientación grupal, siga presentando grandes dúbidas respecto ao seu futuro académico-profesional. Entrevista co orientador e Consello Orientador.
- Coordinación con distintas institucións, especialmente cos servizos de orientación laboral, Universidade, outros centros formativos.
- Elaboración de materiais por parte do DO.

Estratexias de intervención na acción tutorial:

- Encontro de acollida de titoras/es, xefatura de estudos e orientador: carpeta do titor/a e protocolos.
- Desenvolvemento do PAT; traballarase na reunión periódica cos titores/as. Serán moi importantes as súas achegas sobre as actividades realizadas e as necesidades que poidan darse ao longo do curso.
- Achega e elaboración, no seu caso, de programas, materiais e actividades adecuados a cada un dos niveis educativos. Asesoramento no seu uso e participación directa, cando cumpra, nalgunha sesión de titoría.
- Recompilación e elaboración da materiais para ser traballados nas horas de titorías.
- Asesoramento do EOE ao departamento de orientación.
- Intercambio de información cos servizos sociais e sanitarios.

7.- METODOLOXÍA

Nas accións emprendidas procurarase unha metodoloxía activa e participativa, que implique tanto ós distintos membros da comunidade educativa, como aos servizos e institucións do entorno comunitario. A este efecto procurarase a corresponsabilidade, a cooperación e a coordinación, sen esquecer que o traballo en equipo alixeire a carga. Pero ademais, os criterios de actuación veñen dados polo modelo de intervención que defendemos, que asegura unha actuación planificada, preventiva e de desenvolvemento, sistémica e de intervención social, cooperativa e curricular.

Recursos materiais e infraestrutura do DO:

Infraestrutura: departamento con espazo de traballo para todos os seus membros, con mobiliario preciso para libros e instrumentos. Terminal telefónico e equipo informático.

Aulas de apoio: 1 aula ampla con ordenador, mesas grandes e andeis, con material específico de apoio. A aula é o suficientemente comfortable e organizada que permite un traballo cómodo do profesorado de apoio cos seu estudantado.

Materiais específicos: documentos do centro, probas psicopedagóxicas, taboleiros do DO, folletos informativos, guías, revistas e demais publicacións.

Recursos persoais e externos:

Recursos internos: membros do DO, profesores-titores, xefe de estudos, equipo directivo, Claustro, profesorado de PT, de AL e PROA+.

Recursos externos: EOE, Inspección, CFRs, Concello, Empresas, Consellería, Servizos Sanitario e Asociacións Sociais e Culturais.

Recursos funcionais e organizativos:

Funcionais: condicións espazo-temporais, cumprimento dos horarios, coordinación docente, coordinación e soporte institucional da xefa de estudos, colaboración, seguimento, asesoramento e dinamización do DO, supervisión e revisión da CCP e o apoio e complemento do EOE.

Organizativos: Reunión de coordinación interna: reunión semanal. Reunión semanal cos titores de nivel da ESO. Reunións da CCP.

8.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN

► Avaliación procesual e seguimento:

Implica a recollida sistémica de datos, a súa análise e conseguinte toma de decisións, mentres ten lugar a implantación do Plan, o que nos permite facer un seguimento do mesmo e a súa reorientación, en caso de ser necesario.

Para realizar o seguimento e avaliación da calidade do Plan, teremos en conta as valoracións que se acorde nas distintas reunións que levaremos a cabo ao longo do curso (CCP, DO, titores/as, avaliacións...)

► Avaliación final e revisión:

Adopta unha función un tanto sumativa, para analizar a consecución dos obxectivos, como formativa, retroalimentando a nosa programación á vista do conseguido e tomar as decisións oportunas para a mellora do propio proceso.

Esta avaliación faise tendo en conta os seguintes criterios:

- Grao de consecución dos obxectivos;
- Adecuación dos contidos e actividades para a consecución dos obxectivos;
- Adecuación dos materiais e recursos empregados;
- Colaboración e implicación das familias.

Ademais, nesta avaliación final teranse en conta as actividades realizadas e o seu grao de cumprimento, a síntese reflexiva dos logros acadados, as dificultades e obstáculos atopados, os aspectos a mellorar, as modificacións introducidas, así como suxestións e propostas de mellora recollidas ao longo do curso e as propostas de innovación necesarias.

En efecto, durante todo o proceso e por parte de todos os responsables (avaliación compartida), irase recollendo informacións e suxestións que permitan reorientar e Plan, tendo en conta tamén as observacións do equipo directivo, do profesorado en xeral, así como das/os estudantes e as familias.

Das propostas de mellora reflectidas na memoria do DO no curso pasado facíase énfase na necesidade de contar con máis mestres de apoio para lograr que a situación educativa do centro siga avanzando, unha realidade marcada pola grandes diferencias económicas e culturais que agranda a discriminación que sofre este alumnado. No presente curso



seguiremos insistindo nesta reivindicación de contar con máis persoal e mellor formado, así como o acceso real ás tecnoloxías da información e a comunicación, para tentar minimizar estas barreiras socioeducativas e culturais.

A Ponte do Porto, 29 de Setembro de 2022

Asdo.: José Rodríguez Martínez
Xefe do Departamento de Orientación



ANEXO

PROGRAMACIÓN DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

ÍNDICE:

1. INTRODUCCIÓN
2. ACCIÓNS PRIORITARIAS
3. OBXECTIVOS
4. COMPETENCIAS CLAVE
5. ORGANIZACIÓN DA ATENCIÓN E APOIOS DE PT
6. METODOLOXÍA
7. ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS, TEMPORALIZACIÓN E RECURSOS
8. COORDINACIÓNS
9. AVALIACIÓN

1. INTRODUCCIÓN

A programación do curso 2022/ 23 recolle as liñas básicas do traballo da especialista de Pedagogía Terapéutica , tendo en conta a orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en sintonía cos principios e cos fins da educación recollidos na Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro de educación onde a diversidade representa todo un valor e un enriquecemento para o conxunto da sociedade.

Esta programación englobase dentro do Plan de Atención á diversidade do centro, da Programación Anual de centro e do Plan de Orientación.

Os referentes básicos para a súa elaboración forman parte dos niveis curriculares competencias de cada curso educativo, materializándose nos obxectivos, contidos, metodoloxías pedagóxicas, criterios de avaliación, tendo en conta que no caso de adaptación curricular significativa, serán os propios establecidos nela, previa autorización da Inspección Educativa.

É obxectivo da educación conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades (individuais, sociais, culturais, intelectuais), polo que é necesario que a súa educación cubra todas as súas necesidades.

2. ACCIÓNS PRIORITARIAS

A prioridade educativa dentro da aula de apoio basearase na adquisición de habilidades e destrezas que faciliten o desenvolvemento integral do noso alumnado .

Para por levar a cabo estas actuacións de maneira coordinada, efectiva e adaptada ás necesidades do noso alumnado precisamos a implicación de toda a comunidade educativa, baixo os principios de normalización, inclusión asegurando a súa non discriminación e a igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo.

Actuacións coas familias

- Facilitando unha relación comunicativa fluída entre a totalidade dos membros da comunidade, en especial ao inicio de curso para partir dun mellor coñecemento do

alumnado.

- Participar na recollida e actualización da información referida ó desenvolvemento xeral do alumnado con necesidades educativas, así como dos aspectos relevantes que poidan incidir de maneira positiva.
- Orientar e informar ás familias nas diferentes actuacións que favorezan a inclusión real e eficaz do alumnado, no proceso formativo académico e sociolaboral.

Actuacións no centro educativo

- Participar activamente como membro do departamento de orientación, da comisión de coordinación pedagóxica e da comisión de convivencia.
- Aportando información relevante na avaliación psicopedagóxica, na elaboración de adaptacións e nos reforzo educativos que sexan necesarios.
- Colaborando na elaboración dos diferentes documentos do centro como un membro máis do claustro.
- Facilitando información relevante do alumnado ao resto do profesorado para facer as modificacións pertinentes a nivel académico.
- Participando na elaboración de recursos materiais nas diferentes materias.

Atención ao alumnado

- Participar na avaliación inicial, que axude a determinar o nivel de competencia curricular actual do alumnado, para o que é preciso a revisión da documentación pertinente que haxa do alumnado á súa disposición.
- Apoando de maneira eficaz e individualizada ao alumnado que precise axude debidamente estruturada en colaboración co resto da comunidade.
- Facilitar a adquisición e implementación de estratexias favorables a adquisición dunha aprendizaxe significativa.
- Levar a cabo un seguimento individualizado e continuo das variables que incidan significativamente no alumnado, instaurando as positivas e minimizando as negativas.
- Elaborar un plan de traballo individualizado e coherente coas necesidades do alumnado, que teña como finalidade a mellora integral da adquisición de ferramentas que axuden á consecución de logros.



- Empregar a motivación e o esforzo como ferramentas de traballo diario que axudan a consecución dos nosos obxectivos.
- Traballar directamente co alumnado facendo as modificacións tanto de incremento como de redución oportunas para obter resultados positivos, acordos co noso plan de traballo.
- Axudar na coordinación dos apoios que se desenvolvan co alumnado ao longo do curso.
- Facilitar a integración do alumnado de apoio dentro do seu grupo-clase, nos espazos de lecer e nas situacións de interacción entre membros da comunidade.
- Facilitar información relevante ao alumnado de aspectos que poida favorecer unha maior integración no centro e noutros organismos que poidan axudarlle a mellorar as súas capacidades e habilidades.
- Recoller información relevante da evolución do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado, posibilitando facer os cambios oportunos, e así favorecer un avance positivo significativo.
- En xeral, colaborar na mellora do funcionamento do centro ,en especial na atención do alumnado que presente algún tipo de necesidade educativa especial.

3. OBXECTIVOS

Obxectivos xerais

- Atender directamente a todo o alumnado que presente dificultades.
- Favorecer a integración e socialización do alumnado de necesidades educativas dentro do grupo de referencia e no centro educativo.
- Adaptar o proceso de ensino- aprendizaxe ás características de todo o alumnado ofrecendo atención específica e individualizada de acordo as necesidades.
- Favorecer o desenvolvemento integral do alumnado.
- Desenvolver e afianzar os aprendizaxes básicos, tendo presente as posibles adaptacións e reforzos educativos.
- Potenciar ao máximo a personalidade global do educando, partindo da psicoloxía, do desenvolvemento e da aprendizaxe, ofrecendo un amplo



repertorio de alternativas, secuenciadas en dificultade, en función de criterios madurativos e abranguendo desde cero ata o pensamento formal.

- Empregar metodoloxías individualizadas que destaque tanto os aspectos cognitivos como emocionais do alumando.
- Informar, andamiar e orientar ás familias en como poden axudar aos seus fillos segundo as súas necesidades educativas especiais.
- Dirixilos intereses, capacidades e habilidades do alumnado cara unha efectiva participación na comunidade a través dunha aprendizaxe axeitada, na que as familias, profesorado e sociedade deberán participar activamente.
- Colaborar coas familias, en canto a estratexias de intervención no fogar, encamiñadas a promover unha continuidade do traballo no seu ámbito familiar.

Obxectivos específicos

- Mellorar as habilidades comunicativas lingüísticas e non lingüísticas tanto a nivel expresivo coma comprensivo.
- Mellorar o desenvolvemento dos procesos cognitivos básicos: atención, percepción e memoria.
- Adquirir habilidades sociais e de interacción, así como unha axeitada autonomía persoal e social.
- Mellorar e afianzar a competencia lecto - escritora a todos os niveis.
- Reforzar as técnicas instrumentais básicas, individualizando a axuda segundo sexa preciso.
- Mellorar e afianzar o dominio das operacións aritméticas básicas, resolución de problemas e razoamento lóxico.
- Acadar os obxectivos establecidos nas ACS de cada unha das áreas.

Axudar na medida do posible a resolver calquera dúbida que poida xurdir no alumando e requira unha atención individualizada.

4. COMPETENCIAS CLAVE

A incorporación de competencias clave ao currículo permite poñer o énfase nas aprendizaxes que se consideran imprescindibles. Son aquelas competencias que debe alcanzar todo o alumnado da ESO ao finalizar o ensino obrigatorio para lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de maneira satisfactoria e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe ao longo da vida.

A competencia en comunicación lingüística trata de potenciar as capacidades comunicativo lingüísticas e mellorar os problemas específicos do linguaxe.

A competencia matemática e básica en ciencias e tecnoloxía trata de favorecer a comprensión de conceptos e expresión en linguaxe matemático a través de actividades de razoamento, e potenciarase mediante a realización de actividades de observación, esforzo e recoñecemento do entorno.

A competencia dixital mellorará coa utilización das TICS e o respecto das normas de utilización das mesmas.

A competencia social e cívica favorecerase a través de actividades de comprensión da realidade social presente, desenvolvemento do sentido crítico e coñecemento dos deberes e dereitos sociais.

A competencia conciencia y expresións culturais favorecerá a mellora dos aspectos como a comprensión, aprecio e o goce da arte no seu conxunto e o interese pola participación na vida cultural.

A competencia para aprender a aprender debe favorecer o traballo de aspectos coma a memoria, atención, ensinarlles o uso eficiente de recursos e ás técnicas de traballo intelectual.

A competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor potencia as habilidades sociais para relacionarse, a cooperar e traballar en equipo. Esta competencia cústalle moito ao alumnado con NEAE.

5. ORGANIZACIÓN DA ATENCIÓN E APOIOS DE PT

Os apoios levaranse a cabo seguindo as pautas de intervención derivadas do marco legislativo mencionado con anterioridade no POE e en concreto basearanse nos criterios de equidade e igualdade, así como no principio de individualización e atención acorde as

necesidades específicas do alumnado.

No noso centro concrétese en:

- un alumno de 1º de eso, con desfase curricular nas áreas instrumentais básicas, agotadas as repeticións de primaria e secundaria obrigatoria, e con diagnóstico de TDAH e dislexia.
- Un alumno de 1º de ESO con adaptación curricular significativa nas áreas lingüísticas.
- 4 Alumnos de 1º de ESO, con desfase curricular, nas instrumentais, reciben reforzo dentro da aula de apoio segundo a tipoloxía das tarefas.
- Un alumno de 1º ESO con dificultades xeneralizadas e informe de TDAH, precisa dunha atención moi individualizada e guiada.
- Alumno de 2º de ESO, con estenosis hipertrófica de píloro, traumatismo cranoencefálico, amputación traumática de dous dedos da man dereita e agenesia do corpo calloso. Ten Certificado de Minusvalía onde se lle recoñece un 38% de discapacidade e, ademais do anterior, diagnósticaselle un atraso madurativo e Trastorno de déficit de atención e hiperactividade (TDAH) leve segundo informe médico.
- Un alumno de 4º de ESO, con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe, cursa adaptacións curriculares nas instrumentais básicas, require de reforzo educativo no resto das áreas.
- Unha alumna de 4º de ESO, procedente de Ucraína que asiste para reforzar as áreas instrumentais e adquirir a lingua castelá.

6. METODOLOXÍA

Para levar a cabo as anteriores actuacións, empregamos unha metodoloxía activa participativa e individualizada, implicando ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe.

Partiremos dos seus niveis de desenvolvemento, intereses e motivacións, poñéndoos en consonancia cos obxectivos educativos específicos de cada alumno/a en particular, e do grupo en xeral.

O principio vertebrador de todas as prácticas educativas que se leven a cabo será o da individualización e adaptación ás necesidades, facilitando a participación activa de todos os membros da comunidade educativa, coas modificacións que sexan oportunas.

Diariamente presentaremos os contidos secuenciados e organizados de maneira flexible, de xeito que resulten motivadores e estimulantes.

O ambiente tentará ser o máis estruturado posible, minimizando elementos distractores, pero que teña espazo para a individualidade e a resolución de dúbidas.

Para facilitar a comunicación entre os diferentes membros implicados, realizaremos reunións semanais, onde se poñan de manifesto os aspectos a mellorar ou continuar con eles, de forma que haxa unha constante supervisión dos métodos a empregar.

De maneira individual, nalgúns dos tempos de lecer, na aula de apoio contaremos coa posibilidade de reunirse coa mestra de apoio para elaborar, seleccionar, supervisar ,etc os materiais empregados, facendo unha avaliación dos mesmos, propostas de mellora ou de continuidade.

7. ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS, TEMPORALIZACIÓN E RECURSOS

ESPAZOS

A distribución dos espazos, en canto o apoio, está feita en función da priorización das necesidades do alumnado, combinando a aula de apoio e a aula ordinaria, sempre priorizando a atención no entorno máis integrado.

A aula de apoio presenta unha distribución ampla, ventilada e luminosa, que favorece a concentración e a boa disposición cara a aprendizaxe, libre de ruídos e doutras interferencias, preséntase como un espazo de alto nivel para o estudo.

Conta cunha biblioteca de aula adaptada (moi limitada actualmente pero que iremos engadindo máis libros curso a curso), dispoñemos de materiais adaptados en formato papel para as diversas áreas, dispoñibles para todo o profesorado, o cal facilita nun primeiro momento dar unha resposta rápida e axeitada ás necesidades educativas mentres non chegan os resultados das avaliacións iniciais, que aporten información curricular actualizada do alumnado, sobre todo do procedente de centros adscritos.

É importante facer unha renovación constante de materiais, valorando a súa idoneidade, e poder adquirir outros máis actuais, motivadores e que cheguen de maneira significativa ao alumnado.

TEMPORALIZACIÓN

Esta programación será desenvolvida ao longo deste curso académico 2022-23. O número de sesións de apoio de fóra da aula están recollidas segundo as indicacións do especialista en orientación do centro.

As intervencións que se levan a cabo co alumnado é flexible, podendo ser modificadas e revisadas en función dos resultados das avaliacións que se levarán a cabo con cada alumno/a, motivado polo ritmo da evolución dos aspectos traballados así como, pola detección de novas necesidades.

RECURSOS

Para dar resposta axeitada ás diferenzas individuais do alumnado empréganse os seguintes recursos:

Persoais:

Titor/a, especialistas de área, PT, Departamento de Orientación, Equipo de Orientación Específico (EOE), CAFI , e aqueles que sexan precisos.

Materiais:

Conta cunha biblioteca de aula adaptada, a que iremos engadindo máis libros este curso, tamén dispoñemos de materiais adaptados en formato papel para as diversas áreas dispoñibles para todo o profesorado.

Ademais tentarase que os recursos empregados sexan variados, favorecendo o emprego das Tics, que se adapten ás necesidades e características persoais do alumnado, fomentando a súa participación activa e a motivación. Vendo resultados a medio e longo prazo, que repercutan nunha mellora da súa autoestima, favorezan seguir esforzándose e superando as dificultades.

Elaboraremos material específico que sexa necesario para atender a diversidade, desde os deseñados en colaboración co profesorado na materia como os específicos elaborados por orientación, PT, sempre coa finalidade de adquirir os obxectivos establecidos nas ACS e o desenvolvemento das súas habilidades básicas da vida diaria.

Continuaremos repoiñendo material de centros especializados en documentación innovadora en canto á atención á diversidade.

Unha vez analizadas as necesidades educativas, no comezo de curso feita a avaliación

mercamos material especializado en diferentes editoriais e centro de publicación específicos, para dar resposta as novas necesidades.

8. COORDINACIÓN/COMUNICACIÓN COAS TITORÍAS/DO E RELACIÓN COAS FAMILIAS

Como membros do DO informamos a este dos avances e/ou retrocesos do alumnado, colaboramos na detección de novas necesidades para a súa avaliación. Ademais estamos en permanente contacto cos especialistas das áreas nas que se necesita o apoio, así como cos titores/as. Participaremos ademais de forma activa nas preavaliacións, e nas diferentes avaliacións.

Con respecto ás familias, intentaremos buscar a máxima coordinación, e para iso empregaremos a hora de reunión do departamento de orientación onde comunicamos ó orientador as necesidades xurdidas ao longo da semana e de ser necesario realizamos chamadas puntuais ás familias. Tamén recorreremos a mediación cos seus fillos e fillas empregando axendas, atención telefónica, atención individualizada presencial recollida no horario de apoio.

Ademais, coincidindo coa avaliación final, tamén se lle elaborará un Informe Final Individualizado do alumno, elaborado conxuntamente polo profesorado especialista de PT conxuntamente co profesorado de materia.

9. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación é un compoñente fundamental da programación de aula. A análise e valoración da planificación, implementación e resultado dun proxecto de traballo é necesaria para acadar os obxectivos previstos, porque permite ir tomando decisións reflexivas e contextualizadas sobre a modalidade de traballo elixida e o grao de adecuación ás necesidades de cada suxeito e de cada contexto.

Parte dunha planificación exhaustiva na que respondemos as cuestións de que, como e cando avaliar. Ten carácter continuo, global e formativo o que permite realizar tomas de decisións adaptadas ás necesidades que van xurdindo ao longo do proceso.

A Avaliación continua, permítenos levar a cabo un seguimento constante da situación de cada membro do grupo, tanto ao principio, durante e ao final do proceso. Mediante a



Avaliación global consideramos á persoa na súa totalidade, contando coas apartacións de todos os axentes que participan no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Por último a Avaliación Formativa permítenos coñecer os resultados da aprendizaxe durante o proceso, sen ter que esperar a que este conclúa.

E é unha tarefa compartida, entre docentes (titora, especialistas en outras áreas, PT, orientador...) alumnado e familias, porque partimos dunha dinámica de coordinación dentro e fóra da aula que esixe un traballo de valoración conxunta da actividade desenvolta por cada un de nós tanto no eido individual como colectivo.

Teñamos en conta que partimos do criterio de avaliación positiva e informativa, entendendo esta valoración como un instrumento básico para a súa propia superación e como constatación dos avances experimentados, mellorando a autoestima e o autoconcepto do alumnado.

A supervisión que se faga de cada compoñente da programación servirá para a mellora da práctica diaria, para o cal recollerase un diario de aula, valorando os aspectos a cambiar.

A ponte do Porto 15 de setembro de 2022

M^a Belén Miñones Bermúdez

Mestra de Pedagogía Terapéutica